



“A escena representa unha tenda ou taberna. Na esquerda mostrador, e detrás del os alzadeiros con cartuchos, botellas, paquetes, etc. Porta ó fondo pola que se ve a praia mailo mar. (...)”

PAUL. ¡Beba!

MARC. Non quero, Paulos; Pódeme facer mal.

PAUL. ¿E logo? ¿Non lle gustou sempre o viño?

MARC. Abofé que si; pero agora teño a lancha sen lastre e poderíase virar.”


Mareiras: drama en tres actos en prosa (1904)

MANUEL LUGRÍS FREIRE

(Sada, 1863 – A Coruña, 1940)

Foi un dramaturgo, poeta, novelista e político galego. Con vinte anos emigrou a Cuba, onde comezou a colaborar no xornal *Eco de Galicia* e fundou e dirixiu a publicación *A Gaita Gallega*. En 1896 regresou á Coruña, participou na Cova Céltica e fundou a Escola Rexional de Declamación. Foi membro fundador da Real Academia Galega e das Irmandades da Fala, membro do Seminario de Estudos Galegos e un dos redactores do anteproxecto do Estatuto de Autonomía de Galicia.


GRANDES ÉXITOS



1904

Mareiras: drama en tres actos en prosa (1904) é unha obra de teatro social ambientada na vila mariñeira de Sada, un drama que segundo o autor aconteceu cando era neno. Cheo de críticas á hipocrisía relixiosa, estreouse ese mesmo ano no Teatro Principal da Coruña. Houbo unha reedición en 1923 na que Lugrís introduciu cambios na lingua relacionados co seu traballo lingüístico na *Gramática do idioma galego* (1921).

Ardencias (1927) é un poemario dedicado á xuventude galega que mantén “acesas no corazón as ardencias pola nobre causa do rexurdimento”.



1927

Outras das súas obras son *A costureira d'aldea* (1884), *Contos de Asieumedre* (1908), *Versos de loita* (1917) e *As Mariñas de Sada* (1928).

“Tencionou un xeito de teatro galego cos dramas *A ponte*, *Mareiras*, e as comedias *O pazo* e *Estadeiña*... Cultivou tamén o conto breve en *Contos de Asieumedre*, e escribiu con carácter normativo unha *Gramática do idioma galego*...”

Historia da literatura galega (1984), Francisco Fernández del Riego

